

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2021



XUNTA DE GALICIA

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS
SECTORES DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN
GALICIA

OCUPESCA 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Santiago de Compostela
2023

**Servizo de Análise e de Rexistros
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica**

Praza de Europa 5ª - 4º Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 547 468

Enderezo electrónico: sarex.mar@xunta.gal

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE),
Sivsa, Soluciones Informáticas, SA

Traballo de campo:

Instituto Sondaxe, SL

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Deseño e maquetación:

Instituto Sondaxe, SL

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

PRÓLOGO

INTRODUCCIÓN

METODOLOGÍA

PRINCIPALES RESULTADOS

1 PESCA EXTRACTIVA

- 1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO
- 1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN
- 1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

2 ACUICULTURA MARIÑA

- 2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO
- 2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

3 DATOS ECONÓMICOS

- 3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA
- 3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

PRÓLOGO

Os sectores pesqueiro e acuícola de Galicia teñen demostrado ao longo da súa historia unha gran fortaleza e unha capacidade de adaptación ás dificultades sen parangón. É algo que quedou patente en numerosas ocasións no pasado e que volve poñerse de manifesto nesta edición 2021 da enquisa Ocupesca. As dúas actividades tiveron que facer fronte nos últimos anos a importantes atrancos -como o encarecemento dos combustibles, das materias primas ou as consecuencias da alerta sanitaria pola covid-19, ademais doutras específicas de cada unha delas- e lograron superalas todas con moi boa nota.

Se analizamos os datos con perspectiva de medio e longo prazo constatamos que ambos sectores teñen características comúns que lle aportan ese vigor contribuindo ao seu bo comportamento. Resiliencia, competitividade, produtividade ou máxima calidade son palabras indisolubles da frota e das empresas acuícolas galegas que nos fan estar seguros de que ambas actividades teñen moito futuro se non atopan no seu camiño obstáculos innecesarios e inxustificadas.

A frota pesqueira galega reduciuse nos últimos anos como consecuencia de medidas como as rebaixas nas posibilidades de pesca en augas comunitarias, pero soubo adaptarse e a súa masa laboral incluso se incrementou. Se na edición de 2017 da enquisa Ocupesca a actividade extractiva en Galicia contaba con 11.377 ocupados, no ano 2021 superaba os 11.550 malia o impacto da pandemia, case un 2% máis.

Algo semellante ocorre co sector acuícola, que viu como diminuía lixeiramente neses catro anos o número de establecementos de acuicultura, pero o número de empregados no sector pasaba de 5.229 a máis de 5.400.

Estas cifras son un bo reflexo da resiliencia de ambos sectores, da capacidade de adaptación e superación das dificultades que se lle van presentando e tamén da vontade de continuidade das empresas do sector, de apostar por un medio de vida que, aínda tendo na remuda xeracional un dos seus principais desafíos, ten futuro se todas as partes implicadas na súa xestión e no seu desenvolvemento remamos na mesma dirección.

Pero a enquisa Ocupesca 2021 aínda aporta máis datos desa fortaleza e da boa evolución de ambos nos últimos anos. A actividade económica xerada pola frota pesqueira nese ano superou os 842 millóns de euros, cun incremento superior ao 24% en pouco máis dunha década, en relación con 2010. As empresas de acuicultura manteñen unha tendencia semellante e a súa aportación superou os 314 millóns de euros, un 14% máis ca 11 anos atrás.

Son datos que reflicten a competitividade de ambas actividades e que agochan detrás unha cuestión aínda máis importante, o aumento da produtividade dos seus profesionais. No caso da pesca, a facturación por cada mariñeiro embarcado subiu preto dun 50% entre 2010 e 2021, ao pasar dunha media de 49.300 euros a preto de 73.000 euros. Mentres, no caso da acuicultura a cifra de negocios por traballador pasou de máis de 46.000 euros en 2010 a superar os 58.000 euros en 2021, cun incremento do 25%. Este comportamento mostra unha vez máis que Galicia conta cos mellores profesionais, cos máis preparados, eficientes e eficaces tanto no sector pesqueiro como no acuícola.

Ese bo facer é o que contribúe a que, máis aló da propia excelencia dos recursos que se extraen e producen nas nosas rías, os produtos do mar de Galicia que chegan aos consumidores se asocien sempre coa máxima calidade. Por tanto, a enquisa Ocupesca volve acreditar que os profesionais do noso mar fan medrar o sector marítimo-pesqueiro galego e son os auténticos responsables de que poidamos dicir ben alto e con moito orgullo que Galicia sabe a mar.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar



INTRODUCCIÓN

Presentase a sexta publicación de Ocupesca, realizada sobre os buques con porto base en Galicia e sobre os establecementos acuícolas que figuraban nos rexistros durante o ano 2021, cón obxectivo de obter una visión actualizada de ambos sectores.

A operación Ocupesca 2021 está programada no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 como a operación 3205-01 “Enquisa de ocupación na pesca”.

A coordinación do proxecto, o deseño da mostra e a obtención dos resultados a partir da base de datos levouse a cabo dende a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. O traballo de campo desenvolveuno a empresa Instituto Sondaxe S.L.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, colaborou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño dos cuestionarios coma na obtención dos resultados.

METODOLOXÍA

O universo da enquisa Ocupesca na súa edición de 2021 está composto, no caso da pesca extractiva, polo conxunto dos buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso da acuicultura, polas empresas que posúen establecementos de cultivo mariño en Galicia de tipo criadeiros ou granxas, liñas ou gaiolas, parques de cultivo e bateas. En consecuencia, no caso da pesca extractiva cada unidade de mostraxe correspóndese cun único buque, mentres que no caso da acuicultura cada unidade de mostraxe se corresponde cunha empresa que pode ter máis dun establecemento e mesmo establecementos de distinto tipo. Tendo isto en conta, cando a empresa acuícola posúe establecementos de distinto tipo, a súa atribución a un ou outro estrato de mostraxe responde ao criterio da explotación principal, entendida como aquela que achega maior facturación á empresa.

Tendo como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, o deseño de mostraxe realizado tivo como referencia un universo de 4.262 buques con porto base en Galicia e 2.544 empresas de acuicultura na comunidade. Partimos pois de dous universos de estudo distintos e polo tanto de dúas submostras específicas. Estas submostras divídense pola súa vez en diferentes estratos, tal e como se amosa na táboa da páxina seguinte.

No caso da pesca extractiva este universo foi estratificado en función do caladoiro (comunitario, nacional ou internacional) e a arte de pesca principal (arrastre, cerco, arrastre e cerco, enmalle, palangre de fondo, palangre de superficie e artes menores), dando lugar a 10 estratos, sobre os que se procedeu á selección dunha mostra aleatoria simple.

Respecto da acuicultura mariña, os parámetros para a estratificación tiveron en conta o tipo de establecemento principal da empresa (criadeiros e/ou granxas, liñas e/ou gaiolas, parques de cultivo e bateas) dando lugar a 3 estratos. Salvo en determinados estratos onde, debido á súa reducida poboación, a mostra abrangueu a totalidade do universo, no resto dos estratos, que conforman a gran maioría, seleccionouse unha mostra aleatoria simple.


Táboa n.º 1. Tamaños de poboación e mostra dos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2021

PESCA EXTRACTIVA (buques)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.088	495
Arrastre	52	25
Artes Menores	3.788	355
Cerco	149	69
Enmalle	26	11
Palangre de fondo	21	10
Palangre de superficie	52	25
Pesqueiras comunitarias	73	35
Arrastre	23	11
Palangre de fondo	50	24
Pesqueiras internacionais	99	49
Arrastre e cerco	29	14
Palangre de superficie	70	35
TOTAL	4.260	579


ACUICULTURA (empresas)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Criadeiros, granxas, liñas e/ou gaiolas	21	13
Parques de cultivo	648	134
Bateas	1875	208
TOTAL	2.544	355

Gráfico nº1. Tamaños de poboación e representatividade da mostra nos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2021

PESCA EXTRACTIVA (BUQUES)



ACUICULTURA (EMPRESAS)



■ POBOACIÓN Nº ■ MOSTRA %

Tanto no caso da pesca extractiva como no da acuicultura mariña, os cuestionarios para a recollida de datos compuxéronse de 2 módulos: Un módulo xeral, centrado nas variables de ocupación, e un módulo económico.

Módulo xeral

No módulo de carácter xeral de pesca recóllese a incidencia ocorrida durante o período de recollida de datos (“enquisable”, “inactivo en 2021”) e os posibles cambios producidos nos datos das mostras (nome do buque, caladoiro, arqueo GT, arqueo TRB, potencia, eslora, porto base, titularidade...); no módulo xeral de acuicultura, ás incidencias da recollida de datos e posibles cambios nos datos de mostraxe engadíranse variables para saber os tipos de establecementos de acuicultura en Galicia propiedade do titular (parques de cultivo, bateas, gaiolas ou liñas de cultivo, granxas mariñas e/ ou criadeiras) e os días dedicados por trimestre de 2021 a cada unha das actividades previstas segundo o tipo de establecemento do que se tratase (recollida e compra de semente, sementeira/encordado, rareos/desdobres, limpeza e colleitas para a venda...).

Tanto no módulo xeral de pesca coma no de acuicultura recóllese a información relativa ao número de traballadores do buque ou empresa acuícola.

En ambos os casos, tanto para a acuicultura como para a pesca, neste módulo recóllese todas as variables relacionadas co perfil dos traballadores: Días traballados por trimestre, sexo, idade, nacionalidade, lugar de residencia, tipo de contrato, tipo de xornada, altas e baixas na Seguridade Social, duración da xornada laboral etc. Este apartado aplícase para cada entrevistado tantas veces como traballadores declarase anteriormente.

Módulo económico

Aínda que para a mostra da pesca extractiva o módulo xeral recolle datos relativos exclusivamente ao buque ou buques presentes na mostra, o módulo económico recolle os datos relativos ao conxunto da actividade empresarial do armador no 2021. No caso da acuicultura, tanto o módulo xeral coma o económico recollen datos do conxunto da actividade empresarial do titular.

Dado que a mostra é aleatoria simple en cada estrato, para obter os resultados dentro de cada un empréganse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato h emprégase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h$$

sendo X_i^h o número de persoas ocupadas na unidade i -ésima do estrato h , n^h o número de unidades na mostra do estrato h e N^h o número de unidades da poboación do estrato h .

PRINCIPAIS RESULTADOS



1 PESCA EXTRACTIVA

1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO

EN 2021 OS BUQUES CON PORTO BASE EN GALICIA EMPREGARON 11.556 TRIPULANTES, O 57,1% EN BUQUES DE ARTES MENORES

O total de 4.260 buques censados con porto base en Galicia ocuparon ao longo de 2021 un total de 11.556 tripulantes, unha cifra que supón un ascenso respecto ao ano 2019.

Como pode apreciarse na Táboa n.º2, tanto en termos de frota como de ocupación, o caladoiro nacional destaca pola súa importancia. Concentra case o 96 % dos buques e máis do 80 % da ocupación. Como é ben coñecido, este estrato está dominado polas artes menores. Estas representan case o 89 % do total de buques do estrato aínda que, debido ao menor tamaño destas embarcacións, só supoñen un 71 % da ocupación (57,1 % da ocupación total).

Como en anos anteriores, o cerco no caladoiro nacional é a segunda arte con maior número de tripulantes, 1.342 (un 11,6 % do total). Séguelle o arrastre, cun 4,5 % e o palangre de superficie cun 4,3 %. Enmalle e palangre de fondo supoñen conxuntamente, neste caladoiro, o 1,1 % do total de buques, e dan ocupación a algo máis do 2,8 % do total de tripulantes.


En termos de frota, os buques que pescan nos outros dous caladoiros apenas achéganse ao 4 % do total. Porén, dado que as súas tripulacións son significativamente maiores (especialmente no caso do palangre de fondo nas pesqueiras comunitarias) ocuparon en 2021 a un 19,7 % do total de tripulantes.

Concretamente, en 2021 pescaron en pesqueiras comunitarias o 1,7 % do total de buques mentres que un 2,3 % o fixo en pesqueiras internacionais. En termos de ocupación os primeiros representan un 11 % do total, e os segundos un 8,7 %. Atendendo ao detalle por estratos debe sinalarse a importancia do palangre de fondo nas pesqueiras comunitarias (un 1,2 % dos buques representa o 8,1 % da ocupación total). No caso das pesqueiras internacionais, destaca o arrastre e cerco (un 0,7 % dos buques ocupan o 4,2 % do total de tripulantes).

**Táboa nº2. Poboación ocupada na pesca extractiva
por caladoiro/tipo de pesca. Ano 2021**

CALADOIRO	Barcos		Tripulantes		Tripulantes / barco (media)
	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.088	95,96%	9.276	80,27%	2,27
Arrastre	52	1,22%	522	4,52%	10,04
Artes menores	3.788	88,92%	6.597	57,09%	1,74
Cerco	149	3,50%	1.342	11,61%	9,01
Enmalle	26	0,61%	184	1,59%	7,08
Palangre de fondo	21	0,49%	140	1,21%	6,67
Palangre de superficie	52	1,22%	491	4,25%	9,44
Pesqueiras comunitarias	73	1,71%	1.273	11,02%	17,44
Arrastre	23	0,54%	342	2,96%	14,87
Palangre de fondo	50	1,17%	931	8,06%	18,62
Pesqueiras internacionais	99	2,32%	1.007	8,71%	9,97
Arrastre e cerco	29	0,68%	484	4,19%	16,13
Palangre de superficie	70	1,64%	523	4,53%	7,37
TOTAL	4.260	100,00%	11.556	100,00%	2,71

Gráfico nº2. Tripulantes por estrato. Ano 2021



Existen significativas diferenzas entre os distintos estratos. A diversidade de artes de pesca e os diferentes caladoiros implican buques de tamaño moi diferente e singraduras de moi distinta duración. Deste xeito son os caladoiros comunitarios os que amosan unha maior tripulación media (17,4 tripulantes por embarcación), descendendo nos buques das pesqueiras internacionais (9,9 tripulantes por buque), e aínda máis nas embarcacións do caladoiro nacional (2,3 tripulantes). Ademais a heteroxeneidade é grande, incluso entre as embarcacións pertencentes ao mesmo caladoiro. Así, a tripulación media dos buques palangreiros de superficie do caladoiro internacional é de 7,4 tripulantes, mentres que entre os barcos de arrastre e cerco do mesmo caladoiro, o número medio supera os 16 tripulantes.

Como xa comentáramos, o caladoiro nacional amosa a tripulación media máis baixa (2,3 tripulantes por embarcación) debido ao significativo peso das artes menores (se estas fosen excluídas, a tripulación media deste caladoiro sería de 8,4 tripulantes por embarcación).

Xa tivemos ocasión de sinalar que o número de tripulantes estimado experimentou un ascenso respecto ao dato do ano 2019, rexistrando un aumento do 5,5 % da ocupación respecto a esa edición do estudo. O ascenso é uniforme en todos os estratos da mostra, agás no caso dos buques pertencentes ás pesqueiras comunitarias, cuxo ascenso no número de tripulantes foi de máis do 20 %.

**Táboa nº3. Poboación ocupada na pesca extractiva por estrato.
Comparativa 2019-2021**

CALADOIRO	N.º de buques			N.º de tripulantes		
	2021	2019	% var.	2021	2019	% var.
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.088	4.169	-1,94%	9.276	8.942	3,72%
Artes menores	3.788	3.862	-1,92%	6.597	6.319	4,38%
Resto	300	307	-2,28%	2.679	2.623	2,13%
Pesqueiras comunitarias	73	69	5,80%	1.273	1.059	20,11%
Pesqueiras internacionais	99	97	2,06%	1.007	950	6,00%
TOTAL	4.260	4.335	-1,73%	11.556	10.951	5,51%

A tendencia á baixa no número de buques rexistrada, dende o 2011, en todos os caladoiros semella revertirse nesta edición do estudo, agás no caladoiro nacional que segue a baixar. Porén, iso non supón unha diminución na ocupación do estrato, máis ben o contrario xa que observamos un aumento do 3,7% no número de tripulantes no caladoiro nacional. Isto motiva que este caladoiro nacional incrementa, aínda máis, a súa representación con respecto ás pesqueiras internacionais e, en menor medida, con respecto ás pesqueiras comunitarias.


A evolución da ocupación, dende o ano 2011, segue patróns diferentes en cada caladoiro ata chegar ao ascenso xeral desta última edición do estudo. Deste xeito, no nacional alternáronse diminucións con aumentos, de tal xeito que tras a diminución producida ata 2015, recuperouse en 2017, volveu a reducirse no 2019 e, finalmente aumentou no 2021 situándose en niveis moi semellantes aos de 2017.

Na pesqueira comunitaria a tendencia é a unha lenta diminución só rachada polo dato do ano 2021. Na pesqueira internacional, despois do aumento do 2013, houbo un brusco descenso en 2015 e un descenso máis moderado os seguintes anos, ata chegar ao aumento do 2021 que sitúa o dato en parámetros semellantes aos de 2017.

Táboa nº4. Evolución da ocupación na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	Tripulantes						Tripulantes/Barco					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	9.981	9.211	8.460	9.283	8.942	9.275	2,19	2,08	1,99	2,18	2,14	2,27
Artes menores	6.914	6.136	5.732	6.558	6.319	6.596	1,65	1,51	1,46	1,67	1,64	1,74
Resto	3.067	3.075	2.728	2.725	2.623	2.679	8,14	8,57	8,29	8,41	8,54	8,93
Pesqueiras comunitarias	1.249	1.114	1.096	1.099	1.059	1.272	11,05	12,24	15,22	16,16	15,34	17,44
Pesqueiras internacionais	1.322	1.421	1.080	995	950	1.007	11,02	11,65	10,29	9,95	9,79	9,97
TOTAL	12.552	11.746	10.635	11.377	10.951	11.556	2,62	2,54	2,40	2,57	2,53	2,71

Gráfico nº3. Evolución da ocupación na pesca extractiva por estrato.



1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

A PRESENZA DA MULLER NA TRIPULACIÓN DOS BUQUES SEGUE A SER BAIXA; UNICAMENTE SUPERA O 1 % NO CALADOIRO NACIONAL E NO ESTRATO DE ARTES MENORES SUPERA O 7 %

Unha correcta apreciación da realidade sociodemográfica tras as cifras de ocupación esixe prestar atención ás diferentes variables relevantes neste ámbito, tales como o xénero, a idade ou a nacionalidade. Trátase, como cabe esperar, de variables que amosan grandes diferenzas por estrato.

Dentro do mundo da pesca extractiva, a ocupación segue a ser maioritariamente masculina. Tal e como xa se observara nas edicións anteriores, a representación da muller nas tripulacións segue sendo pequena (4,4 % do total de tripulantes). A presenza feminina parece perder peso nesta edición de Ocupesca, feito visible en dous datos: por unha banda hai unha diminución do porcentaxe de ocupación entre as mulleres (do 4,7 % ao 4,4 %) e por outro lado, desaparece a presenza feminina nos buques dos estratos Nacional - Enmalle e Nacional - Palangre de superficie, voltando, deste xeito á situación de 2017.

**Táboa nº5. Poboación ocupada na pesca extractiva por xénero.
Ano 2021**

CALADOIRO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	Nº
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	8.784	94,69%	493	5,30%	9.276
Pesqueiras comunitarias	1.267	99,51%	6	0,49%	1.273
Pesqueiras internacionais	1.003	99,59%	4	0,40%	1.007
TOTAL	11.053	95,65%	503	4,35%	11.556

O caladoiro nacional e, dentro do mesmo, o estrato de artes menores, continúan a ser os principais viveiros da forza de traballo feminina na pesca galega no 2019 (5,3 % da ocupación do caladoiro e 7,2 % da ocupación do estrato). Nos restantes caladoiros e estratos a presenza das mulleres é, en liñas xerais, moi escasa agás nos buques do estrato Nacional - Palangre de fondo, onde a ocupación feminina acada o 4,1 %.

Se botamos unha ollada á evolución destes datos dende o inicio da operación Ocupesca no 2011, observamos que, a pesares da caída xeral da ocupación na pesca extractiva e da pouca presenza da muller no sector, a ocupación feminina incrementouse en termos porcentuais ata chegar a actual edición do estudo, onde o descenso é leve en termos absolutos (502 por 509 do 2019) e un pouco maior en termos porcentuais (4,4 % por 4,7 % no mesmo ano). Aínda así, o contingente de mulleres traballadoras na pesca extractiva no ano 2021 segue a estar por enriba da cifra de 500.

Táboa nº6. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na pesca extractiva.

ANO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
2011	12.034	95,9 %	518	4,1 %	12.552
2013	11.273	96,0 %	473	4,0 %	11.746
2015	10.157	95,5 %	477	4,5 %	10.635
2017	10.907	95,9 %	470	4,1 %	11.377
2019	10.442	95,4 %	509	4,7 %	10.951
2021	11.053	95,6 %	503	4,4 %	11.556


CASE DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

A distribución por idades dos tripulantes amosa un resultado moi similar ao obtido na edición anterior. Un 65,9 % dos tripulantes sitúase no tramo de idade de entre 35 e 54 anos, que continúa sendo maioritario entre os tripulantes.

O segmento de idade máis novo, entre 16 e 34 anos, é o segundo en termos porcentuais (18,1 %) aínda que perdeu relevancia, non so na comparación co estudo do 2019 (19,4 % acadado por ese grupo de idade naquela edición) senón tamén coa edición do 2017 (18,8 %).

O tramo de 55 ou máis anos gañou certo peso (16,0 % fronte ao 15,0 % observado hai dous anos e o 14,0 % hai catro. A maior parte deste 16,0 % sitúase no tramo de entre 55 e 59 anos (11,5 %).

Gráfico nº4. Poboación ocupada na pesca extractiva por tramo de idade. Ano 2021



Profundando na análise observamos que a distribución por idades dos tripulantes é algo diferente entre caladoiros e incluso entre estratos nalgúns casos. Por unha parte, o segmento de entre 35 a 54 anos segue a ser maioritario nas pesqueiras comunitarias (76,2 %) e algo menos nas pesqueiras internacionais (68,3 %). Porén o peso deste tramo de idade redúcese no caladoiro nacional ata o 64,2 %. Por outra parte, o segmento de menor idade (16 a 34 anos) amosa o seu máximo no caladoiro nacional (19,5 %), concentrado nas artes menores e no cerco, sendo considerablemente menor nas pesqueiras comunitarias (10,1 %) e internacionais (14,9 %).

No tramo de maior idade (55 ou máis anos) destaca o palangre de fondo no caladoiro nacional (24,0 %) e o arrastre nas pesqueiras comunitarias (22,7 % da ocupación), reflectindo ambos datos a maior relevancia na ocupación da pesca extractiva deste grupo de idade, e a tendencia ao envellecemento.

Atendendo á evolución da distribución por idades ao longo dos estudos de Ocupesca, o proceso de envellecemento da ocupación parece retomar novos folgos, toda vez que o segmento de menor idade (16 a 34 anos) perdeu peso respecto ao 2017 e ao 2019, e que o segmento de idade máis superior (55 e máis anos) incrementouse nun 2,0 % tamén respecto á edición do 2017. O segmento intermedio mantívose estable no contorno dos dous terzos da ocupación total.

Táboa nº7. Evolución da distribución por tramos de idade da poboación ocupada na pesca extractiva.

Idade	Ano					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
De 16 a 34 anos	26,7 %	22,2 %	21,1 %	18,8 %	19,4 %	18,1 %
De 35 a 54 anos	62,6 %	67,6 %	66,2 %	66,8 %	65,5 %	65,9 %
De 55 e máis anos	8,3 %	7,9 %	12,2 %	14,0 %	15,0 %	16,0 %
NS / NC	2,4 %	2,4 %	0,5 %	0,5 %	0,1 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

**O 84,3 % DOS TRIPULANTES DA FROTA EXTRACTIVA GALEGA
TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA, CON IMPORTANTES
VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DO CALADOIRO**

O 84,3 % dos tripulantes da frota galega de pesca extractiva en 2021 tiñan nacionalidade española. Un 14,6 % eran de nacionalidade estranxeira e un 1,1 % tiñan dobre nacionalidade.

A distribución destas cifras por caladoiros é moi heteroxénea. O continxente máis importante de traballadores de nacionalidade española pertence a buques do caladoiro nacional (89,7 %); baixa case 5 puntos porcentuais para acadar un 84,8 % dos tripulantes das pesqueiras internacionais e, finalmente, baixa algo máis de 44 puntos porcentuais no caso das pesqueiras comunitarias (44,3 %). Cómpre destacar o importante aumento das tripulacións estranxeiras neste último estrato das pesqueiras comunitarias, o cal motiva que o continxente de tripulantes estranxeiros supere ao de tripulantes nacionais.


Pola súa banda, os traballadores estranxeiros e estranxeiras semellan perder relevancia no caso das pesqueiras internacionais. No caso dos tripulantes con dobre nacionalidade, perden peso na ocupación total das pesqueiras comunitarias (do 3,1 % no 2019 a 2,0 % no 2021) pero gánanos nos buques do caladoiro internacional (2,1 % no 2019 por 2,5 % no 2021).

As nacionalidades estranxeiras máis frecuentes entre os tripulantes seguen a ser as mesmas, a saber: Indonesia 5,1 %, Senegalesa 3,6 %, Marroquí 1,4 % (que supera aos traballadores de nacionalidade Peruana), e Peruana 1,3 %. Atendendo á súa distribución por estratos, os tripulantes de nacionalidade Indonesia teñen maior peso nos buques palangreiros (tanto de fondo como de superficie) de todas as pesqueiras consideradas na mostra. Os procedentes de Senegal seguen a ser parte destacada nas tripulacións dos buques de emalle do caladoiro nacional, e os de nacionalidade Marroquí nas embarcacións de arrastre, tamén do caladoiro nacional.

Táboa nº8. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e nacionalidade. Ano 2021

NACIONALIDADE	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	8.324	89,74%	564	44,30%	854	84,81%	9.742	84,30 %
Española e outra	73	0,79%	25	1,96%	25	2,48%	123	1,06 %
Estranxeira	877	9,45%	684	53,73%	128	12,71%	1.689	14,62 %
NS / NC	2	0,02%	0	0,00%	0	0,00%	2	0,02 %
TOTAL	9.276	100,00 %	1.273	100,00 %	1.007	100,00 %	11.554	100,00 %

Gráfico nº5. Distribución porcentual por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva. Ano 2021



Dende o punto de vista da evolución das cifras de nacionalidade dos tripulantes no período 2011-2021, a tendencia estable observada en anteriores edicións do estudo semella racharse na actual edición, cun destacado aumento das tripulacións estranxeiras. Queda pendente comprobar a consolidación desta tendencia en futuras análises.

Táboa nº9. Evolución da distribución por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva.

Nacionalidade	Ano					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Española	86,6 %	85,0 %	86,9 %	86,2 %	85,4 %	84,3 %
Española e outra	0,6 %	0,6 %	1,4 %	1,4 %	1,6 %	1,1 %
Estranxeira	12,5 %	14,4 %	11,7 %	12,4 %	12,7 %	14,6 %
NS / NC	0,4 %	0,0 %	0,0 %	0,0 %	0,4 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

O estudo da distribución territorial da ocupación realizouse tendo en conta a localización do porto base da embarcación. De acordo con este criterio, obsérvase que o 43,7 % dos traballadores e traballadoras estivo ocupada en buques con porto base na provincia da Coruña, un 42,7 % traballaron en buques rexistrados en Pontevedra e o 13,6 % restante corresponden á provincia de Lugo.

Tal e como se vén observando en anteriores edicións, apréciase unha certa especialización nun ou noutro caladoiro dependendo da provincia.

Deste xeito segue a ser significativo o caso de Lugo, no que o peso provincial da ocupación é superior ao peso dos buques con base nalgún porto desa provincia. Isto explícase porque unha gran parte da frota con base nalgún punto da provincia lucense son embarcacións que pescan en augas comunitarias que, como xa se viu, teñen unha ratio de número de tripulantes por barco máis elevado que o das embarcacións que pescan no caladoiro nacional.

Así, o 72,7 % da ocupación no estrato de pesqueiras comunitarias correspóndese con tripulantes de buques censados en Lugo (case o 60 % dos 1.567 tripulantes localizados en Lugo pertencen a este estrato). Por outra banda, o 81,7 % dos tripulantes pertencentes ao estrato de pesqueiras internacionais correspóndense con buques censados en Pontevedra (porén, representan tan só o 16,7 % dos tripulantes desta provincia debido ao peso do caladoiro nacional nela). Por último, na Coruña localízase mais do 50 % dos tripulantes pertencentes ao caladoiro nacional (que representan o 96,2 % da ocupación na provincia).

Táboa nº10. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e Provincia. Ano 2019

PROVINCIA	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	4.857	52,36%	140	11,00%	53	5,26%	5.050	43,70%
Lugo	511	5,51%	925	72,66%	131	13,01%	1.567	13,56%
Pontevedra	3.908	42,13%	208	16,34%	823	81,73%	4.939	42,74%
TOTAL	9.276	100,00%	1.273	100,00%	1.007	100,00%	11.556	100,00%

1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

O 65,6 % DOS TRIPULANTES DA FROTA GALEGA EN 2021 SON ASALARIADOS/AS, MENTRES QUE UN TERZO TRABALLA POR CONTA PROPIA

O 65,6 % das persoas ocupadas na pesca extractiva en Galicia durante 2019 son traballadoras por conta allea. En cambio a ocupación por conta propia ascende a un 33,5 % do total.

Táboa nº11. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional. Ano 2021

Situación Profesional	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	5.338	57,54 %	1.264	99,32 %	983	97,58 %	7.584	65,63 %
Conta propia	3.843	41,42 %	9	0,68 %	24	2,42 %	3.876	33,54 %
Outras Situacións	96	1,04 %	0	0,00 %	0	0,00 %	96	0,83 %
TOTAL	9.276	100,00 %	1.273	100,00 %	1.007	100,00 %	11.556	100,00 %

A ocupación por conta propia segue a ser especialmente destacada no caladoiro nacional (41,4 %), onde a proporción de buques de artes menores ten un peso moi elevado. A tripulación media neses buques de artes menores está en 1,74 tripulantes/embarcación, motivo polo cal é normal que o réxime de cotización ao que teñan que acollerse os propietarios/tripulantes sexa o de conta propia. Cómpre salientar a importante diferenza co seguinte estrato no que a ocupación por conta propia é singularmente destacada, que é no palangre de fondo, tamén do caladoiro nacional (10,5 %). Finalmente, nas pesqueiras comunitaria e internacional constitúe unha situación pouco menos que inexistente, onde nin sequera chega ao 3,0 % da ocupación total de cada caladoiro (0,7% nas pesqueiras comunitarias e 2,4 % nas internacionais).

Táboa nº12. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca e situación profesional. Ano 2021

CALADOIRO	Conta allea		Conta propia		Outras situacións		Tripulantes / barco (media)
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	5.338	57,54%	3.843	41,42%	96	1,04%	2,27
Arrastre	505	96,56%	18	3,44%	0	0,00%	10,04
Artes menores	2.846	43,14%	3.655	55,40%	96	1,46%	1,74
Cercos	1227	91,43%	115	8,57%	0	0,00%	9,01
Enmalle	173	94,02%	11	5,98%	0	0,00%	7,08
Palangre de fondo	125	89,29%	15	10,71%	0	0,00%	6,67
Palangre de superficie	461	93,89%	30	6,11%	0	0,00%	9,44
Pesqueiras comunitarias	1.264	99,32%	9	0,68%	0	0,00%	17,44
Arrastre	338	98,83%	4	1,17%	0	0,00%	14,87
Palangre de fondo	926	99,46%	5	0,54%	0	0,00%	18,62
Pesqueiras internacionais	983	97,58%	24	2,42%	0	0,00%	9,97
Arrastre e cerco	484	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	16,13
Palangre de superficie	499	95,41%	24	4,59%	0	0,00%	7,37
TOTAL	7.584	65,63%	3.876	65,63%	96	0,83%	2,71

A evolución da situación profesional no período 2011-2021 amosa unha grande uniformidade e poucas variacións: Dous terzos das persoas ocupadas traballan por conta allea e un terzo fano por conta propia. Unicamente destacar o leve ascenso dos ocupados e ocupadas 'noutras situacións' (maiormente axudas familiares) por primeira vez dende o inicio da análise evolutiva e despois de varios anos de descenso.

Táboa nº13. Evolución da poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional.

Situación profesional	Ano					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Conta allea	65,9 %	68,3 %	66,9 %	66,0 %	66,1 %	65,6 %
Conta propia	32,7 %	31,2 %	32,8 %	33,9 %	33,6 %	33,5 %
Outras situacións	1,0 %	0,3 %	0,1 %	0,1 %	0,1 %	0,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

O 75,9 % das persoas ocupadas na pesca extractiva no 2021 non foron dados de alta no exercicio pois xa estaban traballando ao comezo do ano. Un 21,3 % adicional si causou alta, porcentaxe na que atopamos tanto a aqueles que foron alta por primeira vez como aos traballadores e traballadoras que a comezos de ano se atopaban de baixa por diversos motivos.

Se temos en conta os caladoiros que estratifican a mostra, cómpre salientar a alta mobilidade das tripulacións dos buques pertencentes ás pesqueiras comunitarias: un 35,8 % dos traballadores enrolados en buques deste estrato foron dados de alta no ano, por un 53,5 % de tripulantes que comezaron o ano traballando. Atópase unha diferenza de case 22 puntos porcentuais cos buques das pesqueiras internacionais, nos que o 75,3 % das tripulacións xa formaban parte das embarcacións do estrato ao empezar o ano, e de case 26 puntos cos barcos do caladoiro nacional (79,1 % de traballadores e traballadoras que xa viñan traballando dende o ano anterior).

Táboa nº14. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo alta no ISM. Ano 2021

Alta no ISM	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Foi alta no ano	1.806	19,47 %	456	35,79 %	194	19,28 %	2.456	21,25 %
Traballaba anteriormente	7.333	79,05 %	681	53,48 %	759	75,33 %	8.772	75,91 %
NS / NC	137	1,48 %	137	10,73 %	54	5,39 %	328	0,83 %
TOTAL	9.276	100,00 %	1.273	100,00 %	1.007	100,00 %	11.556	100,00 %

**Táboa nº15. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo
alta no ISM por Provincias. Ano 2021**

Alta no ISM	A Coruña		Lugo		Pontevedra		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Foi alta no ano	996	19,71 %	499	31,84 %	961	19,46 %	2.456	21,25 %
Traballaba anteriormente	4.021	79,63 %	931	59,43 %	3.819	77,33 %	8.772	75,91 %
NS / NC	33	0,65 %	137	8,73 %	159	3,21 %	328	0,83 %
TOTAL	5.050	100,00 %	1.567	100,00 %	4.939	100,00 %	11.556	100,00 %

Finalmente, considerando o cruzamento da variable da alta no ISM coa estratificación por provincias, cómpre salientar a alta variabilidade das tripulacións dos buques con base en portos da provincia de Lugo: un 31,8 % dos traballadores enrolados en buques desa provincia foron dados de alta no ano, por un 19,7 % de tripulantes que foron alta no ano nos barcos da provincia da Coruña e un 19,5 % nas embarcacións da provincia de Pontevedra. Sen dúbida, o importante peso das pesqueiras comunitarias na provincia lucense determina esa alta mobilidade das embarcacións con portos base na provincia.

2 ACUICULTURA MARIÑA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

EN 2021 AS 2.544 EMPRESAS DE ACUICULTURA MARIÑA EXISTENTES EN GALICIA DÉRONLLES TRABALLO A 5.420 PERSOAS

De acordo coa base de datos para a xestión de cultivos mariños en Galicia, en 2021 había na Comunidade Autónoma 2.544 empresas de acuicultura mariña cun volume de ocupación que se estima en 5.420 traballadores e traballadoras, o que supón algo máis de dúas persoas (exactamente 2,1) ocupadas por empresa, unha media lixeiramente inferior ao observado na edición anterior (2,2). Igual que acontece en diversos datos estatísticos da pesca, existen importantes diferenzas dependendo do estrato.

Segundo a porcentaxe de poboación ocupada, chama a atención o caso dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas que, se ben non chegan ao 1 % do total de empresas do sector, ocupan a máis do 14 % dos traballadores e traballadoras. Estas explotacións caracterízanse por ter instalacións situadas en terra firme que ocupan grandes superficies, e acollen grandes cantidades de individuos en cultivo que require moita man de obra para atender ás actividades diarias. Isto fai que o número de traballadores ocupados por empresa en establecementos deste tipo aumente significativamente en comparación cos doutros tipos. Deste xeito, a ocupación media por empresa no estrato de "Granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas" alcanza os 38,9 traballadores por empresa. Este valor é moi superior á ocupación media nas empresas que teñen bateas ou parques de cultivo.

Pola súa banda os parques de cultivo, ocupando a unha porcentaxe de persoas moi semellante á dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas (15,7 %), representa o 25,5 % do total de empresas no sector. Porén o número medio de traballadores e traballadoras deste tipo de establecementos é de 1,3.

Finalmente, o estrato máis importante en canto ao volume de empresas e de persoas ocupadas é o das bateas. En efecto, este estrato supón o 70 % do total de persoas ocupadas na acuicultura. En termos de empresas o resultado é similar (73,7 %).

Táboa nº16. Poboación ocupada na acuicultura por estrato. Ano 2021

Establecemento	Empresas		Persoas ocupadas		N.º medio persoas ocupadas
	N.º	%	N.º	%	
Bateas	1.875	73,70 %	3.793	70,00 %	2,02
Parques de cultivo	648	25,47 %	852	15,72 %	1,31
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	21	0,83 %	774	14,28 %	38,86
TOTAL	2.544	100,00 %	5.420	100,00%	2,13

O volume de ocupación amosa, en liñas xerais, un decrecemento importante en dous dos tres estratos considerados, en relación ás cifras achadas no estudo referido ao ano 2019. Con respecto ao número de empresas asemella manterse a tendencia á baixa, agás o estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas. Porén, a evolución do número de traballadores e traballadoras presenta diferenzas importantes entre os distintos estratos considerados. Os parques de cultivo presentan un crecemento do emprego do 6,4 % respecto ao exercicio 2019 e, pola súa banda, a ocupación no estrato das bateas decrece nun 6 %. No estrato dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, malia o aumento no número de empresas (de 19 a 21 empresas totais), perdeu un 1 % de traballadores.

Táboa nº17. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento. Comparativa 2019-2021

Establecemento	N.º de empresas			N.º de persoas ocupadas		
	2021	2019	% Var.	2021	2019	% Var.
Bateas	1.875	1.907	-1,68 %	3.793	4.039	-6,08 %
Parques de cultivo	648	652	-0,61 %	852	801	6,36 %
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	21	19	10,53 %	774	782	-1,01 %
TOTAL	2.544	2.578	-1,32 %	5.420	5.622	-3,60 %

Se facemos unha análise da evolución dos datos dende o inicio da operación Ocupesca no 2011, veremos que a poboación ocupada comportouse dun xeito similar nos distintos tipos de establecementos.

Táboa nº18. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	Persoas ocupadas						Persoas ocupadas/Empresa					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Bateas	4.947	4.052	4.416	3.890	4.039	3.795	2,45	2,03	2,29	2,03	2,12	2,02
Parques de cultivo	896	795	886	666	801	851	1,40	1,20	1,30	1,00	1,23	1,31
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	589	614	648	673	782	774	31,00	19,81	21,58	29,27	41,16	38,86
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	5.420	2,40	2,03	2,25	2,01	2,18	2,13

O máis salientable é a confirmación da tendencia crecente do emprego no estrato dos parques de cultivo, xunto co leve descenso da poboación ocupada no estrato dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, malia o aumento, como xa comentáramos, no número de empresas deste tipo. Isto último motiva, ademais, que as cifras de persoas ocupadas por empresa no estrato dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas se manteña en niveis semellantes aos da anterior edición do estudo.

Finalmente e pola súa banda, o estrato das bateas segue a amosar unha evolución moi irregular nestes anos, con altos e baixos motivados por casuísticas diversas. Porén , a tendencia xeral é cara unha diminución da ocupación, paralela ao descenso no número de empresas.

2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

**AS MULLERES SUPOÑEN O 24,6 % DO
EMPREGO NA ACUICULTURA GALEGA.
NOS PARQUES DE CULTIVO A PORCENTAXE ACADA O 40,4 %**

A acuicultura en Galicia empregou durante 2021 a 4.089 homes e 1.331 mulleres. Isto supón que o 75,4 % da ocupación na acuicultura en Galicia está constituída por homes e o 24,6 % por mulleres.

As maiores porcentaxes de poboación feminina ocupada atopámoslos no estrato dos parques de cultivo (40,4 %) e, a continuación, no de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, cun 25,8 % do total da ocupación do estrato.

Táboa nº19. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e xénero. Ano 2021

	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3.007	79,26 %	507	59,56 %	575	74,20 %	4.089	75,44 %
Mulleres	787	20,74 %	345	40,44 %	200	25,80 %	1.331	24,56 %
TOTAL	3.793	100,00 %	852	100,00 %	774	100,00 %	5.420	100,00 %

O 58,2 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

No que atinxe á distribución da ocupación por idades, pode apreciarse que un 58,2 % das persoas ocupadas teñen entre 35 e 54 anos, unha porcentaxe lixeiramente inferior á observada no 2019. Este maior peso dese tramo de idade é común aos tres estratos considerados na enquisa, cun máximo do 63,9 % no estrato dos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, e un mínimo do 55,8 % no dos parques de cultivo.

Séguelle en importancia o segmento de 55 anos en adiante, cunha porcentaxe do 25,4 % no total da ocupación na acuicultura. O tramo dos ocupados e ocupadas máis novos é especialmente importante no estrato dos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas (o 28,9 % da ocupación dese estrato), sendo moito máis baixo nos outros dous (14,3 % nas bateas e 10,2 % nos parques de cultivo).

Malia esa menor importancia dos ocupados máis novos, compre salientar o aumento do devandito continxente no estrato dos parques de cultivo, se comparamos os resultados coas cifras do estudo de 2019.

Táboa nº20. Poboación ocupada na acuicultura por tramos de idade. Ano 2021

Establecemento	16-34 anos		35-54 anos		55 ou mais anos		NS /NC		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	225	29,08 %	496	64,11 %	53	6,81 %	0	0,00 %	774	100,00 %
Parques de Cultivo	87	10,23 %	476	55,82 %	279	32,81 %	10	1,14 %	852	100,00 %
Bateas	545	14,36 %	2.186	57,64 %	1.045	27,57 %	17	0,43 %	3.793	100,00 %
Total	857	15,81 %	3.157	58,28 %	1.377	25,43 %	27	0,48 %	5.420	100,00 %

Dende un punto de vista evolutivo, semella confirmarse a interrupción na tendencia diminuínte da presenza da muller na acuicultura mariña galega constatada na edición 2019 de Ocupesca. Iso si: En todas as edicións realizadas presenta valores de ocupación superiores aos obtidos na pesca extractiva.

Táboa nº21. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na acuicultura.

Xénero	N.º						%					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Home	4.801	3.941	4.507	4.111	4.393	4.085	74,7 %	72,2 %	75,8 %	78,6 %	78,1 %	75,3 %
Muller	1.630	1.520	1.442	1.118	1.229	1.333	25,3 %	27,8 %	24,2 %	21,4 %	21,9 %	24,6 %
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	5.420	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

O 0,9 % DAS PERSONAS OCUPADAS NA ACUICULTURA É DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

A presenza de persoas ocupadas con nacionalidade estranxeira na acuicultura mariña galega no 2021 é minoritaria, e alcanza tan só un 0,8 % do total (unha décima porcentual por debaixo do dato obtido no ano 2019), cun máximo do 1,7 % no estrato de parques de cultivo.

**Táboa nº22. Poboación ocupada na acuicultura por nacionalidade.
Ano 2021**

Nacionalidade	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	3.740	98,58 %	837	98,30 %	772	99,76 %	5.349	98,70 %
Española e Outra	25	0,65 %	0	0,00 %	0	0,00 %	25	0,46 %
Estranxeira	29	0,77 %	15	1,70 %	2	0,24 %	45	0,84 %
TOTAL	3.793	100,00 %	852	100,00 %	774	100,00 %	5.420	100,00 %

2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

O 56,4 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA GALEGA TRABALLAN POR CONTA PROPIA

A ACUICULTURA GALEGA DEULLES TRABALLO A 2.085 PERSOAS POR CONTA ALLEA

A acuicultura mariña deulles traballo en 2021 a 3.057 persoas por conta propia (56,4 % do total dos ocupados e ocupadas neste sector). Un total de 2.085 persoas (38,5 %) traballaron por conta allea. Finalmente, houbo 277 traballadores (5,1 %) na condición de 'outras situacións' (principalmente axudas familiares).


O traballo por conta propia é máis frecuente no estrato dos parques de cultivo, no que representa o 76,5 % da ocupación do estrato, e no das bateas, onde supón o 63,4 % da ocupación. Pola contra, o estrato de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas nin sequera se achega ao 1 % da ocupación por conta propia.

Táboa nº23. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e situación profesional. Ano 2021


Situación profesional	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	1.200	31,63 %	115	13,48 %	770	99,52 %	2.085	38,47 %
Conta propia	2.404	63,38 %	651	76,45 %	2	0,24 %	3.057	56,42 %
Outras Situacións	189	4,99 %	86	10,07 %	2	0,24 %	277	5,11 %
TOTAL	3.793	100,00 %	852	100,00 %	774	100,00 %	5.420	100,00 %

Gráfico nº6. Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional para cada tipo de establecemento. Ano 2021


Ocupación por tipo de establecemento




Bateas



Parques de cultivo



Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas



O total de persoas asalariadas ascende a 2.085, un 38,5 % do total. É no estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas onde esta figura é predominante (99,5 % da ocupación). Nas bateas o traballo asalariado representa o 31,6 % da ocupación, porcentaxe que se reduce ao 13,5 % no caso dos parques de cultivo.

En canto á evolución da situación profesional, semella haber unha tendencia crecente do emprego por conta allea despois do descenso dos primeiros anos, acadándose o máximo histórico da ocupación nesa situación dende que se leva a cabo a operación estatística Ocupesca. Mentres, o traballo por conta propia volve baixar despois do estancamento das edicións 2017 e 2019. A ocupación contida no epígrafe doutras situacións, correspondentes a meirande parte delas ao traballo no contorno familiar, é moi fluctuante en toda a serie histórica, aínda que nas últimas edicións amosa unha tendencia cara á súa diminución.

Táboa nº24. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por situación profesional.

Situación profesional	N.º						%					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Conta allea	2.023	1.418	1.745	1.442	2.029	2.085	31,5 %	26,0 %	29,3 %	27,6 %	36,1 %	38,47 %
Conta propia	3.818	3.740	3.949	3.082	3.083	3.057	59,4 %	68,5 %	66,4 %	58,9 %	54,8 %	56,42 %
Outras situación	591	289	255	705	502	277	9,2 %	5,3 %	4,3 %	13,5 %	8,9 %	5,11 %
NS / NC	0	14	0	0	7	0	0,0 %	0,3 %	0,0 %	0,0 %	0,1 %	0,0 %
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	5.420	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

3 DATOS ECONÓMICOS

A FACTURACIÓN TOTAL DO SECTOR ALCANZOU EN 2021 OS 1.157 MILLÓNS DE EUROS

Como xa tivemos ocasión de mencionar, o cuestionario para a recollida da información de ocupación ía acompañado dunha batería de preguntas para coñecer os datos de facturación económica de ambos universos. Os resultados amosan que o importe neto da cifra de negocios do sector acadou os 1.157 millóns de euros, dos cales case 843 millóns lle corresponderon á pesca extractiva e case 315 millóns á acuicultura.

3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA


Táboa nº25. Facturación media na pesca extractiva por estrato. Ano 2021

Caladoiro	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	309.748	36,8 %	9.275	80,3 %	33.394
Artes menores	120.200	14,3 %	6.597	57,1 %	18.221
Resto	189.547	22,5 %	2.679	23,2 %	70.764
Pesqueiras comunitarias	122.967	14,6 %	1.273	11,0 %	96.589
Pesqueiras internacionais	410.074	48,7 %	1.007	8,7 %	407.200
TOTAL	842.788	100,0 %	11.556	100,0 %	72.933

Facendo unha análise da facturación por estrato na pesca extractiva, chama a atención que o estrato dos buques das pesqueiras internacionais, a pesares de ocupar só un 8,7 % das persoas traballadoras, case supón a metade da facturación total da pesca extractiva no ano 2021 (representa o 48,7 % exactamente). Pola súa banda, as embarcacións do caladoiro nacional, constituíndo máis do 80 % da ocupación total, xeran o 36,8 % da facturación, correspondendo o 14,3 % desa facturación aos buques de artes menores.

Con respecto aos datos da edición do 2019, a cifra total de negocios na pesca extractiva aumentou nun 1,6 %, con taxas de crecemento positivas no caladoiro nacional e nas pesqueiras internacionais, e crecemento negativo nas pesqueiras comunitarias. No caladoiro nacional temos un ascenso do 1 % na facturación, no caladoiro internacional a subida foi do 8,7 %, mentres que no caladoiro comunitario atopamos un significativo descenso do 15,9 % na facturación.

Gráfico nº7. Euros por persoa ocupada na pesca extractiva. Ano 2021



A liña vermella representa a facturación media por persoa

Táboa nº26. Evolución da facturación na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	Facturación total (miles de euros)					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	272.294	286.387	263.456	316.452	306.587	309.748
Artes menores	86.700	75.627	92.156	121.862	132.753	120.200
Resto	185.593	210.760	171.300	194.590	173.834	189.547
Pesqueiras comunitarias	153.425	163.182	131.011	137.778	146.153	122.967
Pesqueiras internacionais	251.572	353.412	407.165	435.024	377.153	410.074
TOTAL	677.292	802.981	801.633	889.254	829.892	842.788

A evolución da facturación do sector pesqueiro segue unha liña positiva. Ao longo do período 2011-2021 rexistrouse un incremento do 24,4 % equivalente a un crecemento anual do 2,2 % (os datos económicos da edición 2011 refírense ao ano 2010, e os datos económicos da edición 2013 refírense ao ano 2012). Se atendemos á súa distribución por estratos, as subidas máis importantes producíronse no estrato das pesqueiras internacionais (5,7 % anual, e no de artes menores dentro do caladoiro nacional (3,5 % anual) aínda que a facturación do 2021 neste estrato foi inferior á de 2019.

Se nos fixamos na evolución da facturación por persoa ocupada, estes resultados son aínda máis positivos. Ao longo de todo o período 2011-2021 a facturación por persoa ocupada creceu un 47,9 %, equivalente a un ritmo do 4,4 % anual. O crecemento é xeneralizado en todos os estratos agás nas pesqueiras comunitarias que rexistra un descenso do 0,7 % dende o inicio da serie histórica. Pola súa banda, o aumento na facturación segundo a ocupación é especialmente destacable nos estratos de pesqueiras internacionais (10,8 % anual) e de artes menores no caladoiro nacional (5,3 % anual).

Táboa nº27. Evolución da facturación por persoa ocupada na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	€ / Persoa ocupada					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	24.591	28.599	31.145	34.090	34.285	33.394
Artes menores	11.522	11.257	16.077	18.582	21.008	18.221
Resto	54.780	63.944	62.816	71.414	66.276	70.764
Pesqueiras comunitarias	104.585	123.810	119.536	125.377	138.073	96.589
Pesqueiras internacionais	186.212	181.144	377.005	437.097	396.935	407.200
TOTAL	49.326	60.452	75.377	78.162	75.783	72.933

3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

**Táboa nº28. Facturación media na acuicultura por establecemento.
Ano 2021**

Establecemento	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Bateas	179.306	57,0 %	3.795	70,0 %	47.251
Parques de cultivo	23.632	7,5 %	851	15,7 %	27.770
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	111.648	35,5 %	774	14,3 %	144.248
TOTAL	314.585	100,0 %	5.420	100,0 %	58.045

Nun exercicio similar ao que fixemos na pesca extractiva, e facemos unha análise da facturación en función do estrato, podemos observar que, representando as bateas o 70 % da ocupación total do sector, aportan máis da metade da facturación total (57 %), mentres que os criadeiros, granxas, gaiolas ou liñas de cultivo achegan o 35,5 % do sector a pesares de ocupar só ao 14,3 % dos traballadores e traballadoras do sector. Finalmente, a facturación dos parques de cultivo representa o 7,5 % restante malia empregar ao 15,7 % da poboación ocupada na acuicultura.

Con respecto a 2019 a distribución da facturación total segundo estratos sofre importantes variacións, salientando o aumento xeral en todos eles como primeira e máis importante conclusión. O subsector de parques de cultivo destaca especialmente, cun ascenso de case o 54 % na facturación respecto ao dato de 2019. No eido contrario atopamos o estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas cunha discreta subida do 2,4% respecto ás cifras do estudo de 2019.

O ascenso na facturación é xeralizado en todos os estratos, e supón que a acuicultura mariña en Galicia acade a máxima facturación histórica dende que se leva a cabo a operación Ocupesca.

Táboa nº29. Evolución da facturación na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	Facturación total (miles de euros)					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Bateas	159.131	116.707	136.831	133.874	130.206	179.306
Parques de cultivo	10.531	16.084	18.122	8.449	15.379	23.632
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	106.714	84.901	92.979	114.699	109.006	111.648
TOTAL	276.376	217.692	247.932	257.022	254.591	314.585

Eses aumentos na facturación total e segundo estrato reflíctense, obviamente, na facturación por persoa ocupada. No período 2011-2021 a facturación por persoa ocupada na acuicultura mariña de Galicia creceu un 25,5 %, equivalente a un ritmo do 2,3 % anual. O crecemento é xeneralizado en todos os estratos agás no de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, que rexistra un réxime de descenso anual do 1 % dende o inicio da serie histórica. Pola súa banda, o aumento na facturación segundo a ocupación é especialmente destacable no estrato dos parques de cultivo (7,9 % anual).

Táboa nº30. Evolución da facturación por persoa ocupada na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	€ / Persoa ocupada					
	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Bateas	34.505	27.840	30.985	34.415	32.237	47.251
Parques de cultivo	14.845	20.541	20.457	12.686	19.199	27.770
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	163.067	118.072	143.596	170.366	139.394	144.248
TOTAL	46.250	38.231	41.674	49.151	45.285	58.045

ÍNDICE DE TÁBOAS

TÁBOA Nº1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E MOSTRA DOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E ACUICULTURA. ANO 2021	9
TÁBOA Nº2. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO/TIPO DE PESCA. ANO 2021	15
TÁBOA Nº3. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. COMPARATIVA 2019-2021	17
TÁBOA Nº4. EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	18
TÁBOA Nº5. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR XÉNERO. ANO 2021	19
TÁBOA Nº6. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	20
TÁBOA Nº7. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR TRAMOS DE IDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	22
TÁBOA Nº8. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO E NACIONALIDADE. ANO 2021	23
TÁBOA Nº9. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	24
TÁBOA Nº10. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO TIPO DE PESCA E PROVINCIA. ANO 2021	25
TÁBOA Nº11. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2021	26
TÁBOA Nº12. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO/TIPO DE PESCA E SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2021	27
TÁBOA Nº13. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL	28
TÁBOA Nº14. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA SEGUNDO ALTA NO ISM. ANO 2021	28
TÁBOA Nº15. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA SEGUNDO ALTA NO ISM POR PROVINCIAS. ANO 2021	29
TÁBOA Nº16. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO. ANO 2021	31
TÁBOA Nº17. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO. COMPARATIVA 2019-2021	31
TÁBOA Nº18. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO	32
TÁBOA Nº19. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E XENERO. ANO 2021	33
TÁBOA Nº20. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TRAMOS DE IDADE. ANO 2021	34
TÁBOA Nº21. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA	34
TÁBOA Nº22. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR NACIONALIDADE. ANO 2021	35
TÁBOA Nº23. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2021	36
TÁBOA Nº24. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL	38
TÁBOA Nº25. FACTURACIÓN MEDIA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. ANO 2021	39
TÁBOA Nº26. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	41
TÁBOA Nº27. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	42
TÁBOA Nº28. FACTURACIÓN MEDIA NA ACUICULTURA POR ESTABLECEMENTO. ANO 2021	43
TÁBOA Nº29. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO	44
TÁBOA Nº30. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO	44

ÍNDICE DE GRÁFICOS

GRÁFICO Nº1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E REPRESENTATIVIDADE DA MOSTRA NOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E ACUICULTURA. ANO 2021	10
GRÁFICO Nº2. TRIPULANTES POR ESTRATO. ANO 2021	16
GRÁFICO Nº3. EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	18
GRÁFICO Nº4. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR TRAMO DE IDADE. ANO 2021	21
GRÁFICO Nº5. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2021	24
GRÁFICO Nº6. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL PARA CADA TIPO DE ESTABLECEMENTO ANO 2021	37
GRÁFICO Nº7. EUROS POR PERSONA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2021	40



galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)



XUNTA
DE GALICIA ⁴⁸